

EDICIÓN DIXITAL SEN ESTRÉS TECNOLÓXICO: DAS FONTES Á WEB

HELENA BERMÚDEZ SABEL

JinnTec

Na última década xurdiron numerosas ferramentas que asisten na produción da edición dixital filolóxica, tanto no desenvolvemento dalgunha das súas etapas (transcrición automática, anotación, visualización) como na elaboración integral da edición. Nesta sesión centrarémonos na utilización dunha destas ferramentas de apoio á edición dixital, TEI Publisher (<https://teipublisher.com>).

TEI Publisher é unha ferramenta orixinalmente concibida para desenvolver unha tarefa específica do fluxo de traballo de edición dixital, a publicación. Porén, as funcionalidades de TEI Publisher foron evolucionando até converterse nun conxunto de ferramentas para a edición, sendo esta unha mudanza motivada polas necesidades da súa comunidade de usuarias e usuarios. TEI Publisher ofrece soporte para o almacenamento de datos, modelado, anotación automatizada, curación, análise e visualización, ao tempo que permite o traballo colaborativo. O uso de estándares, o código aberto e a súa ampla comunidade de usuarias co apoio de *e-editiones* (unha sociedade internacional sen ánimo de lucro) garanten a interoperabilidade e a sustentabilidade dos proxectos de investigación que o utilizan.

BIONOTA

Helena Bemúdez Sabel é desenvolvedora de software e colaboradora en numerosos proxectos de investigación internacionais como experta en lingüística de corpus e edición dixital. É doutora en Estudos Medievais pola Universidade de Santiago de Compostela, cunha tese en filoloxía computacional, e membro do consello técnico da Text Encoding Initiative desde 2021.